



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIUDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA DA ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIUDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES DA DEPUTACIÓN DE LUGO QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2019.

Para impulsar a práctica deportiva, a Presidencia da Deputación, a través da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, convoca bolsas para a promoción e difusión do deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas lucenses de modalidades individuais, -especialmente nas etapas de iniciación- para progresaren na súa formación integral.

Nesa perspectiva é na que se insire o presente programa de bolsas a deportistas individuais, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación de Lugo.

PRIMEIRO.- OBXECTO

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2019, de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo. Por exemplo, 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de máis de 1 tripulante de piragüismo, vela, remo, pádel, volei praia, etc. Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas, e calquera outra análoga ás anteriores.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally (en calquera das súas categoría e modalidades).

RÉXIME DA CONVOCATORIA

As bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2019, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade bolsas código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas (código sector económico 93.1) cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 18), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://run.gob.es/owqlth>

SEGUNDO.- DESTINATARIOS

Poderán ser beneficiarios das bolsas da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

A. REQUISITOS PERSOAIS

1. Ter residencia en calquera dos municipios da provincia de Lugo, e por tanto, estar empadroad/a nalgún municipio da provincia de Lugo, dentro do prazo de presentación de solicitudes e como mínimo con alta no respectivo padrón a data 1/01/2018.
2. Posuír ficha federativa durante o ano 2018 e manter na data de presentación de solicitudes ficha federativa oficial, na disciplina e/ou modalidade para a que solicita a bolsa.

3. Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.
4. Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
5. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

A. REQUISITOS E MÉRITOS DEPORTIVOS.

Para poder ser beneficiario da bolsa, o/a deportista deberá acreditar mediante a respectiva certificación federativa (modelo Anexo VI) a consecución polo menos e como mínimo de un (1) dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva e durante a anualidade 2018.

- Campión/a individual provincial (da provincia de Lugo)
- Lograr do 1º ao 8º posto individual no campionato galego (ambos os dous incluídos) (cuartofinalistas en competicións por eliminatorias)
- Lograr do 1º ao 16º posto individual no campionato de España (ambos os dous incluídos) (oitavofinalistas para competicións por eliminatorias)
- Participación individual no campionato de Europa
- Participación individual no campionato do Mundo.
- Atoparse entre os tres primeiros postos individuais do ranking galego,
- Atoparse entre os dez mellores postos individuais do ranking de España
- Atoparse entre os vinte primeiros postos individuais do ranking europeo
- Atoparse entre os cincuenta mellores postos individuais do ranking mundial.
- Campión/a universitario individual galego.
- Lograr do 1º ao 3º posto individual no campionato universitario estatal.

O logro e consecución dos postos e méritos deportivos indicados neste punto como requisitos deportivos para poder ser beneficiario de bolsa, deberán ser de carácter individual e estar expresamente indicado na respectiva certificación federativa de acordo cos anteriormente referidos méritos. De non reflectirse expresamente tal circunstancia na correspondente certificación, entenderase que non cumpre o requisito indicado.

Dado que as distintas modalidades deportivas teñen un calendario de competicións diferente, para os efectos da presente convocatoria, establécese como tempada o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2018 até o 31 de decembro do 2018.

Estas bolsas non serán compatíbeis con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

As bolsas a conceder ao abeiro da presente convocatoria concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Tendo en conta as características e obxectivos das presentes bolsas, establece unha idade máxima dos/das aspirantes, limitada a 35 anos a data de 31 de decembro de 2018.

Esta limitación de idade non será de aplicación para deportistas de capacidades diferentes.

Tal e como se reflicte no cadro de valoración da presente convocatoria, os méritos deportivos a certificar pola respectiva federación para a súa valoración deberán cinxirse exclusivamente aos **resultados individuais do/da solicitante nos respectivos campionatos da correspondente disciplina** e que a seguir se indican:

- Campionato do Mundo
- Campionato de Europa
- Campionato de España
- Campionato galego (Galicia)
- Campionato provincial (provincia de Lugo)
- Campionato mundial universitario
- Campionato de Europa universitario
- Campionato de España universitario
- Ranking mundial
- Ranking europeo
- Ranking España
- Ranking galego

Determinase expresamente, que en ningún caso se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga

ás anteriores. Non se terá en conta ningún resultado que non se corresponda expresamente co respectivo campionato e co resultado individual de cada solicitante.

TERCEIRO.- CONTÍA, CRÉDITO ORZAMENTARIO E DISTRIBUCIÓN DE BOLSAS

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 85.500,00 €, distribuídos segundo o establecido nas presentes bases. As presentes bolsas convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481, segundo se recolle no Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 dentro da liña 4.2 Deportes, da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada unha das bolsas, o número máximo de bolsas a conceder será de cento oitenta e cinco bolsas (185), de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo coa suma de puntuación **dos dous (2) mellores resultados individuais nas respectivas probas dos respectivos campionatos e no seu caso do posto individual no respectivo ranking individual da correspondente disciplina**, en base aos criterios de valoración do punto sétimo das presentes bases e da respectiva certificación federativa.

Establécese como importe máximo de cada bolsa 1.500,00 € e como importe mínimo de cada bolsa 300,00 €.

A distribución do crédito orzamentario, de acordo co número máximo de bolsas a conceder e os máximos e mínimos importes establecidos é a seguinte:

As/os cinco deportistas con maior puntuación 1500€	5 bolsas	7500 euros
Do 6º ao 15º 1000 €	10 bolsas	10000 euros
Do 16º ao 35º 750 €	20 bolsas	15000 euros
Do 36º ao 75º 500 €	40 bolsas	20000 euros
Do 76 ao 185º 300 €	110 bolsas	33000 euros
	185 bolsas	85500 euros

Do total anterior, resérvase expresamente unha porcentaxe mínima do 7 % das cento oitenta e cinco bolsas, para deportistas con capacidades diferentes. A consideración de tal circunstancia deportiva debera acreditarse mediante certificación federativa da respectiva federación de deporte adaptado ou de persoas de capacidades diferentes. En consecuencia, establécese en trece (13) o número de bolsas asignadas a este colectivo, que de non seren cubertas, pasarían a asignarse entre o resto de solicitantes de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria, número que se distribuirá do seguinte xeito:

Á/aos deportista con capacidades diferentes con maior puntuación 1500€	1 bolsa	1500 euros
2º mellor puntuación 1000€	1 bolsa	1000 euros
3º e 4º mellor puntuación 750€	2 bolsas	1500 euros
Do 5º ao 7º mellor puntuación 500€	3 bolsas	1500 euros
Do 8º ao 11 mellor puntuación 300€	6 bolsas	1800 euros
	13 bolsas	7300 euros

No suposto de se acadar o límite máximo de bolsas a conceder indicado anteriormente, - para a determinación da relación de deportistas bolseiros/as-, e para os exclusivos efectos de que se produza calquera empate na determinación da puntuación total de cada un dos beneficiarios/as, procederase de xeito excepcional á valoración dos sucesivos mellores resultados de cada un deles até que se produza o referido desempate e de acordo co seguinte detalle e orde:

- Mellor resultado individual no campionato do mundo
- Mellor clasificación individual no ránking mundial

- Mellor resultado individual no campionato de Europa
- Mellor clasificación individual no ránking europeo
- Mellor resultado individual no campionato de España
- Mellor clasificación individual no ránking estatal
- Mellor resultado individual no campionato galego
- Mellor clasificación individual no ránking autonómico
- Mellor resultado individual no campionato provincial (Lugo)
- Menor idade do/da solicitante
- Deportista fémína.

CUARTO.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes, presentaranse conforme ao modelo oficial, que figura no Anexo I, no Rexistro Xeral da Deputación ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo para a presentación de solicitudes: **15 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar **una única solicitude** (Anexo I) e **optar a unha única bolsa**, independentemente do número de modalidades deportivas que practique.

As solicitudes (Anexo I) virán acompañadas da seguinte documentación:

- A) Fotocopia do DNI do interesado/a (no caso de ser menor de idade a data 31 de decembro do 2018 deberán achegar tamén a fotocopia do DNI do titor/e asinar este/esta todos os anexos).
- B) Certificado orixinal de empadramento do/da solicitante no concello da provincia de Lugo correspondente.
- C) Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega, coa Seguridade Social e co Servizo de Recadación Provincial e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. (Anexo IV)
- D) Declaración xurada de non ter recibido outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade. (Anexo II).
- E) Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no art. 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo II).
- F) No caso de ser beneficiario/a de subvencións anteriores, declaración xurada que acredite o cumprimento das obrigas inherentes ás mesmas (Anexo II).
- G) Modelo 145 referido ao IRPF. Retencións sobre rendementos de traballo. (Axencia Tributaria Estatal). Deberá reflectir os datos do deportista solicitante (DNI, nome e apelidos e data de nacemento) e achegarse asinado (deportista solicitante e pai/nai ou titor/a no caso de ser menor a data 31 de decembro do 2018).
- H) Documento bancario acreditativo de conta bancaria, no que necesariamente figurará o deportista solicitante como titular e con data de expedición actualizada.
- I) Autorización para recibir a través de correo electrónico comunicación relativas á convocatoria (segundo o modelo Anexo V).
- K) Declaración xurada da condición ou non de deportista profesional. (Anexo III).

DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER DEPORTIVO PARA A VALORACIÓN DA SOLICITUDE:

Certificación expedida pola respectiva federación de posesión da correspondente licenza federativa oficial individual para a respectiva disciplina e/ou modalidade deportiva durante a anualidade 2018 e no momento da solicitude da bolsa (ano 2019) e dos resultados deportivos individuais obtidos polo/a solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018.

A respectiva federación será a responsable da veracidade e validez dos resultados reflectidos no certificado, respectando e cinxíndose a todas e cada unha das indicacións da tipoloxía de probas e competicións establecidas na presente convocatoria.

O referido certificado expedido e cuberto expresamente pola federación deberá reflectir :

- Os resultados persoais e individuais obtidos polo/a solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018 nos respectivos campionatos individuais reflectidos no cadro de valoración. O referido certificado deberá reflectir a data, disciplina deportiva, consideración oficial do campionato (do mundo, de Europa, de España, galego, provincial (provincia de Lugo), universitario mundial,

universitario europeo, universitario estatal, universitario galego), lugar de celebración, modalidade deportiva e posto persoal e individual global/final no respectivo campionato logrado individualmente polo/a deportista solicitante, e no seu caso, os datos oficiais relativo ás olimpíadas.

En consecuencia, en ningún caso se terán en conta probas e resultados deportivos colectivos, de equipo, de club, de grupo ou de selección. Así mesmo, non se terán en conta os resultados das posibles probas clasificatorias para os respectivos campionatos.

Por tanto, a federación non debera certificar resultados de probas e resultados deportivos colectivos, de equipo, de club, de grupo ou de selección, nin resultados das posibles probas clasificatorias para o respectivo campionato, nin calquera outro que non teña carácter oficial dos respectivos campionatos e sexa considerado pola federación como resultado individual.

- A posesión de licenza deportiva da respectiva federación oficial por parte do/da solicitante na disciplina ou modalidade deportiva para a que solicita a bolsa, na anualidade 2018 e na actualidade (ano 2019).
- Que o/a solicitante non está cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

Para o trámite de valoración de méritos deportivos, a respectiva federación deportiva deberá certificar como máximo os seis mellores resultados individuais, de acordo como modelo Anexo VI e en base ao baremo de puntuación establecido no punto sétimo da convocatoria.

Deberá acreditar así mesmo, e de ser o caso, a inclusión do/a solicitante no ránking galego, estatal, europeo ou mundial, con indicación do posto persoal e individual que aquel/aquela ocupe a data 31 de decembro de 2018.

O mencionado anexo deberá vir certificado pola respectiva federación e acreditando que os méritos deportivos alegados son certos. Deberá estar cumprimentado expresamente pola respectiva federación correspondente e asinado e selado pola federación correspondente, que asume dese xeito a veracidade dos datos certificados.

Lémbrese expresamente, que en ningún caso se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provincias, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores. Non se terá en conta ningún resultado que non se corresponda expresamente co respectivo campionato e co resultado individual de cada solicitante.

Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes da Deputación de Lugo, así como na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, www.deputacionlugo.org. A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión das bolsas implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

QUINTO.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada a solicitude, os servizos técnicos da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes da Deputación de Lugo, revisarán a documentación achegada. No caso de estar incompleta ou conter erros, requirirase aos/ás solicitantes para que no prazo de dez días hábiles, acheguen os documentos preceptivos ou remedien a falta, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixeran, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

SEXTO.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e Sr. Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

A Comisión de avaliación resolverá e incluírá no seu informe, de ser o caso, aquelas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación dos criterios establecidos.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución.

A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da bolsa, e a súa contía, debendo facer constar -de xeito expreso - a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, establecendo a orde de puntuación para os posíbeis bolseiros/as suplentes.

Á Área de Deporte, poderá nese caso propoñer, de así o considerar, -e para os efectos indicados de se producir algunha renuncia-, a asignación de bolsa ao bolseiro/a suplente de acordo co mencionada listaxe e coa puntuación obtida por cada un dos/das solicitantes, con data límite 31/12/2019 e tendo en conta o crédito dispoñible.

SÉTIMO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada unha das bolsas, o número máximo de bolsas a conceder será de cento oitenta e cinco bolsas (185), de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo coa suma dos dous (2) mellores resultados en base aos criterios de valoración do cadro anexo e de acordo coa respectiva certificación federativa.

Os resultados a valorar deberán cinxirse exclusivamente á disciplina e/ou modalidade deportiva individual para a que se solicita a bolsa e na que o/a deportista teña a correspondente ficha federativa. De acordo co establecido nas presentes bases, puntuarase os resultados individuais acreditados na respectiva certificación federativa no período que vai desde o día 1 de xaneiro de 2018 até o 31 de decembro do mesmo ano. Todos os/as solicitantes deberán acreditar a súa participación e resultados individuais con certificación da federación correspondente. Á hora de realizar a valoración cualificaranse os resultados acadados por cada deportista nas respectivas probas individuais e segundo o baremo establecido.

En consecuencia, non se valorarán os resultados en probas de conxunto, colectivas, de club, de equipo, de selección, de dobres, parellas ou grupo. Por exemplo, probas de 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de piragüismo, vela ou remo de máis de 1 tripulante, volei praia, etc.

Especificamente e dadas as características de determinadas disciplinas e modalidades deportivas cuxas competicións se desenvolvan por eliminatorias, e para os efectos de valoración e a asignación de puntuación por méritos, establécese o seguinte criterio:

- Naquelas disciplinas e modalidades deportivas que se desenvolvan por eliminatorias, a certificación federativa deberá indicar expresamente o posto logrado polo/a deportista solicitante, (é dicir, 1º ou campión/a, 2º ou subcampión/a, 3º, 4º....) en cada competición certificada.
- De non darse tal circunstancia, e de reflectirse na certificación federativa, a consecución do posto de semifinalista, cuartofinalista ou oitavofinalista, entenderase que o posto logrado se corresponderá co correlativo á eliminatoria da competición de que se trate de acordo cos participantes en cada unha das referidas eliminatorias, aplicándolles a correspondente puntuación establecida no cadro xeral, de acordo coa seguinte equivalencia :

SEMIFINALISTAS	4º posto
CUARTOFINALISTAS	8º posto
OITAVOFINALISTAS	16º posto

POSTO INDIVIDUAL	CAMPIO NATO DO MUNDO	RANKING MUNDIAL	CAMPIO NATO DE EUROPA	RANKING EUROPEO	CAMPIO NATO DE ESPAÑA	RANKING ESPAÑA	CAMPIO NATO GALEGO	RANKING GALEGO	CAMPIO NATO PROVINCIAL (LUGO)	CAMPIONATO MUNDIAL UNIVERSITARIO	CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO	CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO
1º	100	90	80	60	40	30	20	15	10	20	15	10
2º	90	80	70	50	35	25	17	12	8	17	12	8
3º	80	70	60	40	30	20	14	10	6	14	10	6
4º	70	60	55	35	25	18	12	8	4	12	8	4
5º	65	55	50	32	22	16	10	6	2	10	6	2
6º	60	50	45	30	20	15	9	5		9	5	
7º	55	45	40	28	18	14	8	4		8	4	
8º	50	40	35	26	16	13	7	3		7	3	
9º	45	35	30	24	14	12	6	2		6	2	
10º	40	30	25	22	12	11	5	1		5	1	
11º ao 16º	30	20	15	10	8	5	2			2		
Participación individual no respectivo campionato a partir do posto 17º (incluído)	20		10		5		1					

RESULTADOS INDIVIDUAIS OLIMPIADAS/PARAOLIMPIADAS 2018

Medalla ouro	100											
Prata	90											
Bronce	80											
Diploma olímpico	70											
Participación en olimpíada	45											

OITAVO.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

A Xunta de Goberno a proposta do órgano instrutor resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante da bolsa ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que [será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.](#)

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. De conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, no caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dese o día seguinte á referida notificación.

A resolución que poña fin ao procedemento deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle conceden as bolsas, podendo de ser o caso designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade, e maila relación de solicitudes desestimadas, se for o caso, segundo establece o artigo 25 da Lei xeral de subvencións.

A aceptación da bolsa concedida entenderase efectuada se no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte hábil ao da notificación da resolución non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido á Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes.

NOVENO.- PAGAMENTO DAS BOLSAS

O pagamento das bolsas farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo deputado-delegado da Área de Deporte e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes no punto cuarto das Bases e achegar copia da documentación contida na base cuarta, puntos a), c), d), e), f), g), h), e k) ao Servizo de Intervención.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da bolsa concedida.

DÉCIMO.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

Os beneficiarios/as das bolsas están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidas bolsas.

Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores. Publicitar a súa condición de receptor de bolsas da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través da indumentaria ou en calquera outro elemento susceptible de portar imaxe.

UNDÉCIMO.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.

A renuncia á bolsa por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce desta, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito ao Presidente da Deputación de Lugo. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da bolsa ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

O persoal técnico e facultativo que coordine esta convocatoria de bolsas poderá propoñerlle ao órgano competente da Deputación de Lugo a revisión das mesmas por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas, con base en informe debidamente motivado, podendo no seu caso deixar sen efecto os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as houbera, e do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da bolsa ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia., no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

A adxudicación das bolsas será igualmente revisada no caso de que se comprobase que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas de conformidade co establecido no artigo 36 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

DUODÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases da convocatoria, aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e con carácter supletorio a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o RD 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza; a Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005; o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases da convocatoria.

Lugo, 1 de marzo de 2019.- O Presidente, P.D. nº 402/2017, de data 24/02/2017, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.- A Secretaria, María Esther Alvarez Martínez.

SOLICITUDE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2019

DATOS DO SOLICITANTE		
NOME E APELIDOS		
DATA DE NACEMENTO		
D.N.I. NÚMERO		
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN		
RÚA/PRAZA:	Nº:	PISO:
C.P.:	LOCALIDADE:	
CONCELLO:	PROVINCIA:	
TELÉFONOS		
CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/A		
NOME E APELIDOS		
D.N.I. NÚMERO		
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN(CUBRIR SE SON DIFERENTES AOS DO SOLICITANTE)		
RÚA/PRAZA:	Nº:	PISO:
C.P.:	LOCALIDADE:	
CONCELLO:	PROVINCIA:	
TELÉFONOS		
CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DA FEDERACIÓN	
FEDERACIÓN DE	
NOME E APELIDOS (representante)	
TELÉFONOS	
CORREO ELECTRÓNICO	

EXPOÑO:

- Que cumpro todos os requisitos esixidos na presente convocatoria de bolsas para deportistas individuais 2019.
- Que asumo todos os compromisos reflectidos na referida convocatoria.
- Que achego a documentación esixida.

SOLICITO:a concesión dunha bolsa a deportista individual

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Tramitación de solicitudes de bolsas de deportistas individuais
Lexitimación	Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento
Destinatarios	IGAE (Ministerio de Facenda)
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_bolsa_deportistas

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_subvencions

....., de de 2019

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO II
MODELO DE DECLARACIÓN XURADA
BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2019

O/A interesado/a

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a (no caso de que o deportista solicitante sexa menor a data 31 de decembro do 2018)

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:

- 1.- Que non se atopa inhabilitado/a nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da bolsa.
- 2.- Que en anos anteriores, de ter recibido unha bolsa polo mesmo concepto da Deputación de Lugo, cumpríu coas obrigas inherentes á mesma.
- 3.- Que non recibiu outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade na anualidade 2019.

....., de de 2019

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2019

O/A interesado/a

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a (no caso de que o deportista solicitante sexa menor a data 31 de decembro do 2018)

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:

De acordo co RD 1006/1985 de 26 de xuño, polo que se regula a relación laboral dos deportistas profesionais, e para os efectos do disposto no Regulamento do imposto sobre a renda aprobado polo RD 439/2007 de 30 de marzo.

Declaro que non teño nin tiven a condición de deportista profesional.

Declaro que si tiven a condición de deportista profesional nos anos que se indican:

ANOS(Indique expresamente todas as anualidades nas que tivo a condición de deportista profesional):

..... ade de 2019

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO IV**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO CORRENTE COAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL****BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2019**

A presente declaración responsable faise de acordo ao dobre contido que o artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recoñece a estes documentos, de tal xeito que manifesto baixo a miña responsabilidade:

1. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributaria (Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e Deputación Provincial de Lugo) e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración
2. Que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración.
3. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da bolsa outorgada pola Deputación de Lugo.

E para que conste ante esta Deputación Provincial de Lugo, asino esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

..... ade de 2019

***Asinar o pai/nai ou titor/a no caso de que o/a deportista solicitante sexa menor de idade a data 31 de decembro do 2018**

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO V**AUTORIZACIÓN****BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2019**

O/A interesado/a

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a (no caso de que o deportista solicitante sexa menor a data 31 de decembro do 2018)

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

AUTORIZO

Á Deputación Provincial de Lugo a facerme comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2019.

_____, ____ de _____ de 2019

Asdo.: O interesado/a

Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO VI

CERTIFICADO FEDERATIVO BOLSAS DEPORTISTAS INDIVIDUAIS 2019 DEPUTACIÓN DE LUGO

Datos da federación

NOME		CIF	
Teléfono	Correo electrónico		

Don/dona.....con
 DNI.....,Secretario/a da Federación.....

CERTIFICA que o/a deportista:

D./DONA		DNI	
---------	--	-----	--

Estivo en posesión de licenza na anualidade 2018 na respectiva disciplina: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> Está en posesión de licenza en vigor na actualidade (ano 2019) na respectiva disciplina: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	Club
--	------

. Que non está cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

. Que os resultados individuais do deportista en campionatos no ano 2018 (6 mellores resultados) na respectiva disciplina son os que a seguir se indican:

SEIS MELLORES RESULTADOS	Data	Disciplina Deportiva	Campionato (do mundo, de Europa, de España, galego, universitario ou provincial de Lugo)/Olimpíada) RESULTADO PERSOAL INDIVIDUAL DO/DA SOLICITANTE	Lugar	Modalidade deportiva individual	POSTO PERSOAL INDIVIDUAL no respectivo campionato/ Olimpíada
1						
2						
3						
4						
5						
6						

NOTA: O certificado deberá ser expedido e cuberto expresamente pola respectiva federación. Non serán válidos os certificados cubertos ou modificados a man. A federación non debera certificar resultados deportivos colectivos, de equipo, de club, de grupo ou de selección, nin resultados das posibles probas clasificatorias para o respectivo campionato, nin calquera outro que non teña carácter oficial e non sexa considerado pola federación como resultado individual. Non se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga.

. Que no respectivo RANKING INDIVIDUAL da respectiva disciplina deportiva (a 31 de decembro de 2018), ocupa o posto que a seguir se indica:

NIVEL	Posto individual	Disciplina e/ou especialidade
MUNDIAL		
EUROPEO		
ESTATAL		
GALEGO		

E para que conste en para os efectos oportunos, declaro que os datos reflectidos son certos e asino a presente certificación co visto e prace do presidente, a ___ de _____ do 2019

Vº Prace

Asdo.: O/A Secretario

Asdo.: O/A Presidente

NOTA: O certificado deberá ser expedido e cuberto expresamente pola respectiva federación. Non serán válidos os certificados cubertos ou modificados a man. A federación non debera certificar resultados deportivos colectivos, de equipo, de club, de grupo ou de selección, nin resultados das posibles probas clasificatorias para o respectivo campionato, nin calquera outro que non teña carácter oficial e non sexa considerado pola federación como resultado individual. Non se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga.

R. 0652

**CONCELLOS
CASTROVERDE***Anuncio*

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 20 de febreiro de 2019, as bases específicas para a concesión de subvencións para a realización de obras e actividades culturais e deportivas por parte de comunidades, agrupacións ou asociacións do Concello de Castroverde, faise público que o prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais seguintes á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Igualmente faise público que a documentación atópase a disposición dos interesados nestas oficinas municipais e na páxina web do Concello.

Castroverde, a 28 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0640

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 20 de febreiro de 2019 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2019, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 04 de marzo de 2019.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0653

CERVO*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 25 de febreiro de 2019, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xaneiro 2019 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 6º bimestre do 2018 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o do 8 de marzo ao 13 de maio do 2019. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 25 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0641

A FONSAGRADA*Anuncio***Aprobación inicial do orzamento de 2019**

O Pleno Municipal da Corporación, na sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2019, acordou aprobar inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico 2019, xunto con toda a documentación que o integra, aprobar as bases de execución e o cadro de persoal. e conformidade co disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste concello, por prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse desde o seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante este prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións/alegacións que consideren pertinentes dirixidas ao alcalde. Se non se presentasen estas, o orzamento considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes contado a partir do día seguinte á finalización da exposición ao público, para resolver as reclamacións/alegacións. Estas consideraranse desestimadas se non se resolvesen no acordo de aprobación definitiva.

A Fonsagrada, 1 de marzo de 2019.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 0642

FOZ*Anuncio***Aprobación inicial Modificación de Créditos 4/2019, Modalidad "Suplemento de crédito 03/2019"**

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28/02/2019, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 03/2019.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 01 de marzo de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 0643

*Anuncio***Aprobación inicial Modificación de Créditos 3/2019, Modalidad "Suplemento de crédito 02/2019" para facturas de exercicios pechados.**

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28/02/2019, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 02/2019.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 01 de marzo de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 0644

*Anuncio***Aprobación inicial Modificación de Créditos 2/2019, Modalidad "Suplemento de crédito 01/2019"**

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 28/02/2019, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 01/2019.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei

Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 1 de marzo de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 0645

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o 28/02/2019, o Presuposto Municipal para o exercicio económico de 2019, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles – que empezará a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas á Sra. Alcaldesa – Presidenta desta Corporación.

Lourenzá, 1 de marzo do 2019.- A ALCALDESA, ROCÍO LÓPEZ GARCÍA.

R. 0646

RIBADEO

Anuncio

ORDENANZA FISCAL T26 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 27/11/2018 de modificación da ORDENANZA FISCAL T26 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

«ORDENANZA FISCAL T26 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS NA PISCINA MUNICIPAL.

1. MATRÍCULA

Cota de inscrición ou alta ABOADO:	40,31€
Cota de inscrición ou alta CURSILLISTA (temporada):	13,43€

2. COTAS ABOADOS

a) Complexo deportivo (carácter anual)	Cota mensual
- individual adulto (+16 anos)	32,26€
- individual infantil (-16 anos)	13,43€
- individual pensionista, xubilado, discapacitado	13,43€
- familiar	40,31€

3. ENTRADAS INSTALACIÓN (piscina + ximnasio + spa)

- entrada adulto:	5,38€
- entrada infantil:	3,38€
- entrada pensionista, xubilado, discapacitado:	3,38€

4. BONOS 15 USOS INSTALACIÓN (só de 1 de xuño a 30 de setembro)

- 15 usos adulto:	40,31€
- 15 usos infantil:	24,18€
- 15 usos pensionista, xubilado, discapacitado:	24,18€

5. ALUGUER INSTALACIÓNS

- rúa do vaso deportivo (1 hora):	26,89€
- piscina para competicións (1/2 día):	403,27€

6. ACTIVIDADES ACUÁTICAS

Cota mensual	ABOADOS	NON ABOADOS
<i>a) Infantil, pensionista, xubilado e discapacitado</i>		
- 1 día/semana	6,71€	13,43€
- 2 días/semana	13,43€	26,89€
- 3 días/semana	20,17€	40,31€
<i>b) Adultos</i>		
- 1 día/semana	9,37€	18,81€
- 2 días/semana	18,81€	37,64€
- 3 días/semana	28,22€	56,46€
<i>c) Natación escolar</i>		
- 1 día/semana	10,74€	
- 2 días/semana	21,51€	
<i>d) Cursos intensivos de verán</i>		
- Quince días	20,17€	40,31€

7. ACTIVIDADES DE XIMNASIO

a) Entreamentos personalizados fitness (test condición física + rutinas personalizadas): 13,43€

8. CURSOS BEBÉS	ABOADOS	NON ABOADOS
- cursos bebés 1 día	10,87€	21,76€
- cursos bebés 2 días	21,76€	43,53€

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En Ribadeo, a 1 de marzo de 2019.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0647

SARRIA*Anuncio*

Aprobados inicialmente os expedientes de modificación de créditos de crédito extraordinario 1/2019 e de suplemento de créditos 1/2019 do Concello de Sarria na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 28 de febreiro de 2019, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, os expedientes expóñense ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalos e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Os expedientes de modificación de créditos quedarán definitivamente aprobados se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Sarria, 1 de marzo de 2019.- A Alcaldesa, M.^a del Pilar López Yáñez.

R. 0648

O VALADOURO*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN PLANTILLA DE PERSOAL PARA O EXERCICIO 2019**

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, de data 22 de febreiro de 2019, a modificación do Anexo de Persoal para o exercicio 2019, con arreglo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días dende a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación considerárase definitivamente aprobada, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

O Valadouro, 1 de marzo de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0649

*Anuncio***Aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria 1/2019 de transferencia de crédito e modificación da base 43 das de execución do orzamento do 2019 de inclusión de subvencións nominativas.**

O Concello Pleno de O Valadouro, en sesión extraordinaria realizada o día 22 de febreiro de 2019, aprobou inicialmente o expediente 1/2019, de transferencias de crédito e modificación da base 43 das de execución do orzamento do 2019 de inclusión de subvencións nominativas

O referido expediente permanecerá exposto ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación, na Secretaría Municipal, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado Boletín Oficial, a efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o teor do disposto no artigo 169.1 en relación co 177.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo (TRLRHL)

Se ao remate do período de exposición pública no se presentasen reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario segundo o establecido na aludida lexislación.

O Valadouro, 1 de marzo de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0650

XERMADE*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía núm. 94/2019 de data 22/02/2019 aprobaronse as bases para a formación dunha bolsa de emprego para a cobertura de postos de peón de protección e mantemento de espazos públicos, que se describen íntegramente:

“BASES REGULADORAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PEÓNS DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS, POR PERSOAL LABORAL TEMPORAL E/OU FUNCIONARIO INTERINO**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto desta convocatoria é formación dunha bolsa de emprego para a cobertura de postos de peón de protección e mantemento de espazos públicos.

A xornada, as retribucións e a duración dos contratos e/ou nomeamentos serán determinadas en cada chamamento.

Serán funcións principais a desempeñar polo/a contratado/a a de mantemento e limpeza de espazos naturais.

Con cargo á presente bolsa poderanse formalizar nomeamentos de persoal funcionario interino ou contratos laborais de carácter temporal.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos.:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser natural doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Titulación esixida: non se esixe.
- f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- g) Nivel de coñecemento idioma galego: Celga 1 (de non ter o título haberá que realizar unha proba o día do exame).

Os anteriores requisitos xerais e específicos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

3.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán dirixir a súa solicitude, segundo o **modelo previsto no Anexo II das bases de selección**, ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Xermade, presentándoa no rexistro xeral do citado Concello ou nunha das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas (neste caso, deberá comunicarse previamente mediante fax ao número 982501027), no prazo de cinco **(5) días naturais**, contados dende o seguinte ao da **publicación da convocatoria no BOP**. As bases publicaranse integramente no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello.

Na solicitude farase constar que se reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no proceso selectivo.

Documentación que debe acompañar á solicitude:

- a) Fotocopia do D.N.I.
- b) Fotocopia da tarxeta de demandante ou de mellora de emprego
- c) Acreditación do nivel de galego (CELGA 1), de estar en posesión do mesmo.
- d) Documentación que acredite os méritos alegados para a súa valoración.

Forma de acreditación dos méritos:

- a) Experiencia Profesional e Servizos Prestados en postos de traballo cuxo contido funcional sexa idéntico ao emprego convocado: Acreditarase mediante presentación de Informe de Vida Laboral e copia simple dos contratos de traballo ou nóminas (experiencia en empresas privadas) e contrato de traballo ou certificación de servizos acreditativa emitida polas administracións públicas.
- b) A situación persoal acreditarase achegando fotocopia simple dos documentos oficiais que os acrediten.

4.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o **concurso-oposición**.

4.1.- Fase de oposición: Puntuación máxima 7 puntos.

a) **Proba teórica:** Realizarase un exame tipo test común para todos os postos aos que opte o aspirante en base ao temario que figura no **Anexo I**. Terá carácter eliminatorio.

A puntuación máxima da proba será de **3 puntos**.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test baseadas no contido do programa da convocatoria que figura como **Anexo I** das presentes bases.

Será necesario obter unha puntuación de 1,5 puntos para superar esta proba, que ten carácter eliminatorio.

b) **Proba práctica:** A puntuación máxima desta proba será de **4 puntos**.

Realizarase xusto despois do exame tipo test, e nela participarán aquelas persoas que superaran a proba tipo test, segundo o criterio do tribunal. Consistirá na realización dunhas tarefas básicas con maquinaria necesaria

para o desempeño das funcións do posto. Se o tribunal o cree necesario poderá realizar unhas preguntas tipo test.

Será necesario obter unha puntuación de 2,00 puntos para superar esta proba. Tamén terá carácter eliminatorio.

4.2.- Fase de concurso: Méritos computables: (3 puntos).

Únicamente se valorarán os méritos daquelas persoas que superaran a fase de oposición.

1.a) Experiencia profesional e servizos prestados: A puntuación máxima para este apartado é de **2 puntos**.

- Por prestación de servizos en concellos ou noutras administracións públicas, en igual posto de traballo ao convocado (peón condutor) : **0,10 puntos/mes completo**.

- Por prestación de servizos en empresas privadas, en igual posto de traballo ao convocado (peón de edificación e obras públicas): **0,05 puntos/mes completo**.

1.b) Terase en conta aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. A puntuación máxima para este apartado é de **1 punto**.

- Parados/as de longa duración (**0,2 ptos**)
- Persoas con discapacidade (**0,2 ptos**)
- Persoas vítimas de violencia de xénero (**0,2**)
- Mulleres maiores de 45 anos (**0,2**)
- Maiores de 45 anos (**0,2**)

4.3.- Proba de galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

“[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado no apartado 3.f desta bases, deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente:

- a) Na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán, ou
- b) Nunha proba oral se nas funcións a realizar se emprega o galego maioritariamente na súa forma oral. Esta proba oral só se poderá realizar se o nivel de Galego esixido e o Celga 1, Celga 2, niveis equivalentes da Escola Oficial de Idiomas ou Curso de Iniciación da lingua galega.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

5.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

5.1.- Desenvolvemento:

Por resolución da alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos, a composición do tribunal e a data do exame, que se publicará na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

A realización dos exercicios do exame terá lugar no día e datas sinalados na publicación da lista definitiva na nave do concello no Parque Empresarial de Xermade.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e dos **medios materiais apropiados para realizar as probas (bolígrafo, roupa e zapato cómodo para a práctica)** e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

A puntuación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

5.2.- Tribunal cualificador:

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía – Presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local), e en base ao establecido polo RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Xermade.

Secretario/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Xermade.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de, alomenos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso a presidencia e a secretaría ou persoas en que deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 de lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos por elas.

5.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou os procesos selectivos un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

6.- PROPOSTAS DE SELECCIÓN E APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo e elevará ao Alcalde - Presidente dita relación a aprobación da bolsa de emprego.

Cando exista unha vacante, o chamamento recaerá no aspirante que obteñan maior puntuación. O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que, sen ser seleccionados, aprobaron todas as probas coa finalidade de asegurar a cobertura do emprego. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo que vai realizar.

7.- CHAMAMENTOS.

Unha vez aprobada a bolsa de emprego por resolución da Alcaldía, expoñeranse no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal. As persoas aspirantes excluídas e as que non figuren na lista, disporán dun prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte da publicación da lista, para emendar o defecto/s que motivase a súa exclusión. Transcorridos os 5 días, si a emenda de defectos provocase a modificación das listas, publicarase unha nova resolución polos medios indicados con anterioridade. Contra a resolución aprobatoria da lista, que esgotará a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na normativa vixente.

Producida algunha das situacións de necesidade de persoal especificadas na base 1ª procederase ao chamamento da persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista previa, lle corresponda ser chamado.

O chamamento poderase facer telefónicamente en supostos de urxencia, cando se trate da cobertura dun posto de traballo cuxa non cobertura puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público.

Para poder ser citadas mediante o chamamento telefónico, as persoas interesadas deberán optar a esta modalidade na súa solicitude de inclusión nas listas; a dita opción será irrenunciable polo/a interesado/a.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8.30 horas e as 14.30 horas, e o/a funcionario/a que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta.

Para os demais supostos o chamamento efectuarase por medio de correo electrónico e/ou sms ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción polo/a interesado/a.

As persoas que sendo chamadas para facer efectivo o nomeamento, non se presentasen no prazo de 48 horas ou renunciasen ó mesmo, perderán os seus dereitos, sendo excluídas da lista, agás casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados libremente polo Concello. Se a persoa aspirante chamada non puidera ser nomeada por causa xustificada, discrecionalmente apreciada, conservará a súa orde de prelación na lista; en caso contrario, será excluída da mesma.

Se calquera dos integrantes da lista renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado renunciara, fora separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído da lista.

As persoas integrantes da lista non perderán a súa orde de prelación nas mesmas ata a confección das seguintes listas, agás cando presten servizos derivados dun chamamento polo tempo dun ano, de tal maneira que se o nomeamento ou nomeamentos para o que son chamados, de xeito único ou no seu conxunto, teñen unha duración inferior a ese período retornarán ao posto que ocupaban na orde de prelación da lista no momento de ser chamados. Superado ese período de prestación de servizos o/a interesado/a pasará a ocupar o último lugar na lista.

A lista terá unha vixencia de dous (2) anos contados dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo máximo de cinco (5) días naturais, contados dende o día seguinte ó da publicación do chamamento no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello, deberán presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente cotexados.
- Copia cotexada da titulación esixida.
- Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser natural doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos termos o acceso ao emprego público.
- Fotocopia cotexada do permiso de conducir.

9.- RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO.

Á vista da proposta do tribunal e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente procederá ao nomeamento do funcionario interino e/ou á contratación laboral.

A toma de posesión como funcionario farase no prazo máximo de dous (2) días naturais dende a notificación da resolución.

No caso de o vínculo sexa laboral, na resolución que dispoña a contratación determinarase a data de inicio e fin do contrato.

10.- NORMATIVA.

No non sinalado nas presentes bases estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ó servizo da Administración Local e resto de normas que resultaren de aplicación.

En canto á posibilidade de dirimir controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

11.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Xermade, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da súa publicación ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Xermade, 28 de febreiro de 2019.- O Alcalde – Presidente, Roberto García Pernas.

ANEXO I - TEMARIO

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Administración Local.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases.. Órganos de decisión colexiados e unipersonais.

Tema 2.- O Concello de Xermade, características socioeconómicas, demográficas e xeográficas. Espazos naturais do concello de Xermade

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 3.- Nocións básicas sobre utilización de ferramentas empregadas nos seguintes oficios: albanelería, carpintería, fontanería, saneamento, electricidade, limpeza e coidado de xardíns e espazos públicos.

Tema 4.- Nocións básicas sobre utilización de “andamios”, puntais e entibacións.

Tema 5.- Normativa reguladora da sinalización e saúde no traballo. Estudo da sinalización de seguridade no traballo.

Tema 6.- A Seguridade no traballo: Os Equipos de Protección Individual (EPIs).

Tema 7.- Os tractores. Partes de que se compoñen. Traballos que poden realizar. Precaucións específicas no traballo destas máquinas. Coidados e mantemento.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE PEÓNS DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NOME	
DATA DE NACEMENTO		D.N.I.		NACIONALIDADE	
ENDEREZO					
CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TLF. MÓBIL	E-MAIL	

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; - no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Xermade para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

- Fotocopia do D.N.I.
- Acreditación do nivel de galego (CELGA 1), de estar en posesión do mesmo.
- Documentación que acredite os méritos alegados para a súa valoración.

Sinatura

....., de.....de 2019

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADE

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE XERMADE para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE XERMADE na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección **Praza do Concello s/n. 27833. Xermade.- LUGO.**

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 28 de febreiro de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas

R. 0651

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 22 DE FEBREIRO DE 2019 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2019.

BDNS (Identif.): 442702

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/ge/es/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das bolsas da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo) de nacionalidade española ou residentes legais en España que cumpran cos requisitos establecidos.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2019, de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally (en calquera das súas categoría e modalidades).

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, <http://run.gob.es/owqlth>

<http://run.gob.es/owqlth>

BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2019

<http://run.gob.es/owqlth>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 85.500,00 ?.

As bolsas terán un importe máximo de 1.500,00 ? e un importe mínimo de 300 ? cada unha delas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 15 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación no BOP de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 22 febreiro de 2019.- O Presidente da Deputación, Darío Campos Conde.

R. 0663